

ECOBAS 2020/03.1: PERSOAL DE APOIO PARA O PROXECTO 'ASISTENTE VIRTUAL PARA O COOPERATIVISMO E A ECONOMÍA SOCIAL'

Tipo de contrato: por obra

Duración estimada: 3 meses, prorrogables ata un máximo de 10 meses sempre que a persoa contratada se adapte ás necesidades do proxecto. A posterior continuidade estará condicionada á obtención de financiamento.

Data estimada do inicio do contrato: 1 de decembro de 2020

Retribución: Mínimo 1.300 - máximo 1.600 euros brutos mensuais, segundo valía

Xornada: a tempo completo (40 horas semanais)

Lugar de traballo: Escola Universitaria de Estudos Empresariais, Universidade de Vigo, Campus de Vigo

Traballo a realizar:

O traballo a realizar pola persoa seleccionada irá encamiñado a participar no desenvolvemento do proxecto 'Asistente Virtual para o Cooperativismo e a Economía Social' (Ref. TR811A-007-20), acadado no marco da Rede EUSUMO, consistente na creación dunha ferramenta informática para a consulta online da situación e evolución do cooperativismo en Galicia, e do perfil económico-financeiro das cooperativas galegas. De xeito máis específico, algunhas das tarefas a realizar serán:

- Recompilación de datos
- Envorcadura de datos na ferramenta dixital
- Extracción de datos para elaboración de informes
- Actualización das bases de datos
- Redacción de informes
- Colaboración nas tarefas de difusión do proxecto
- Contacto con administracións, asociacións de cooperativas e entidades de economía social

Requisitos:

- Preferentemente Técnico/a Superior (FP) na rama de economía e empresa
- Formación e/ou experiencia específica en cooperativismo e economía social
- Manexo de bases de datos
- Manexo fluído de ferramentas informáticas
- Dominio do galego e o castelán

Outros méritos a valorar:

- Nivel de inglés
- Experiencia e/ou formación en elaboración e redacción de informes
- Habilidades de comunicación
- Administración básica de páxinas web
- Experiencia e formación na busca de financiamento
- Experiencia en xestión de proxectos de investigación
- Posibilidade de teletraballo e horario flexible

Proceso de selección:

Realizarase segundo o CV actualizado en base a:

- Currículo e expediente académico (40%)
- Experiencia laboral (20%)
- Entrevista persoal (40%)

Comisión de Avaliación:

O proceso selectivo será resolto por unha comisión formada polos coordinadores do proxecto e un/ha membro do equipo xestor da Agrupación Estratéxica ECOBAS.

Presentación de candidaturas

1. Para tomar parte neste proceso de selección deberase cumprimentar o [formulario de recursos humanos](#) que se atopa na páxina web de ECOBAS, indicando a referencia 'ECOBAS 2020/03.1' e seleccionando o perfil laboral 'Xestor'. Xunto co formulario achegarase, a través da propia aplicación, un único documento en PDF que incluíra o CV detallado (máximo 2 páxinas) e unha carta de presentación (máximo 1 páxina). Durante o proceso de selección, os/as candidatos/as poderán ser requiridos/as para aportar xustificantes dos méritos que figuran no seu CV.
2. As persoas que resulten seleccionadas serán convocadas para realizar unha entrevista persoal por videoconferencia.
3. O prazo de envío de candidaturas rematará o **3 de novembro de 2020 ás 14.00h**.
4. O resultado da selección publicárase en forma de listado, indicándose o/a candidato/a seleccionado/a e os/as candidatos/as en reserva.

En Vigo, a 28 de outubro de 2020

